



GALEGO			
TITULACIÓN	EXAME TEÓRICO DE PATRÓN / PATROA DE IATE		
LUGAR EXAME		DATA	
NOME			
APELIDOS			
DNI / NIE / PASAPORTE			

DURACIÓN MÁXIMA DO EXAME	120 MINUTOS
DURACIÓN MÁXIMA DO EXAME DO MÓDULO DE NAVEGACIÓN	1 HORA 15 MINUTOS
DURACIÓN MÁXIMA DO EXAME DO MÓDULO XENÉRICO	45 MINUTOS

Normativa segundo:

Real Decreto 875/2014, do 10 de Outubro, polo que se regulan as titulacións náuticas para o goberno das embarcacións de recreo.
Resolución en vigor da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, pola que se convocan exames extraordinarios ou ordinarios teóricos para a obtención das titulacións que habilitan para o goberno das embarcacións de recreo na Comunidade Autónoma de Galicia.
Temario de balizamento en base ao (IALA-MBS 2010)

Observacións: Más dunha resposta anula a pregunta e deben estar claramente sinalizadas na folia de respostas cunha X.

Exemplo a b c d

MÓDULO XENÉRICO

U.T. 1: SEGURIDADE NA MAR

1. Cal das seguintes afirmacións NON É CORRECTA.

- a) Se baixa o centro de gravidade(G), teremos menor altura metacéntrica(GM) e menor brazo do par de estabilidade (GZ).
- b) Se trasladamos un peso verticalmente cara arriba ascende o centro de gravidade(G).
- c) O traslado vertical dun peso nun barco fará subir ou baixar o centro de gravidade (G).
- d) No traslado vertical de pesos non hai variación de desprazamento(D).

2. Un foguete con paracaídas de noite ten un alcance visual en condicións normais:

- a) De entre 2 e 4 millas e debería elevarse nuns 300 metros.
- b) De entre 1 e 5 millas e debería elevarse nuns 50 metros.
- c) De entre 8 e 16 millas e debería elevarse nuns 300 metros.
- d) De entre 2 e 7 millas e debería elevarse nuns 100 metros

3. Se movemos horizontalmente un peso situado á altura da liña de flotación:

- a) A embarcación non sufrirá ningunha escora, ao ser coincidentes o centro de gravidade da embarcación e o centro de carena
- b) O centro de gravidade da embarcación desprazarase no mesmo sentido que o peso desprazado
- c) O centro de gravidade da embarcación desprazarase verticalmente cara arriba, polo que a estabilidade verase prexudicada
- d) O centro de gravidade da embarcación desprazarase verticalmente cara abaixo, mellorando así a estabilidade



4. Se a nosa embarcación ten unha eslora de 18 metros e leva regulamentariamente tres extintores portátiles, onde deben ir situados?

- a) Sempre xunto ao balde de conraincendios
- b) En paños destinados á estiba dos mesmos
- c) Nos puntos de fácil acceso e o mais preto posible das posibles fontes de ignición
- d) Para embarcacións con eslora entre 15 e 20 metros só requírese un extintor , que se estibarán sempre a proa

5. En caso de ser rescatado desde un helicóptero, guiaremos ao piloto.

- a) Utilizando a técnica de cuadrantes e sempre desde o punto de vista da embarcación
- b) Utilizando a técnica de cuadrantes e sempre desde o punto de vista do helicóptero
- c) Utilizando a técnica do reloxo e sempre desde o punto de vista do helicóptero
- d) Utilizando a técnica do reloxo e sempre desde o punto de vista da embarcación

6. Cal das seguintes afirmacións sobre a radiobaliza EPIRB é INCORRECTA?

- a) A súa activación inicia a coordinación de equipos de procura e rescata en calquera parte do mundo
- b) Se a activaches, o resto de barcos na zona descoñéceno, así que, se podes, usa ademais outros dispositivos de socorro, como a chamada selectiva digita(DSC)
- c) Non importa onde se instale, sempre que estea á vista
- d) As radiobalizas por satélite que se instalen nos buques españois deben ser rexistradas na base de datos da Dirección Xeral da Mariña Mercante

7. Cal das seguintes afirmacións é CORRECTA?

- a) A posición do metacentro respecto ao centro de carena determina que o equilibrio sexa estable ou inestable
- b) Unha embarcación con altura metacéntrica grande ten pouca estabilidade
- c) Se partimos dunha situación de equilibrio e baléirase un tanque a popa do centro de flotación, por baixo do centro de gravidade, provocaremos unha dismunución da estabilidade
- d) O centro de gravidade é o punto onde se concentran todas as forzas de empuxe que sofre o casco por estar mergullado nun líquido

8. En caso de abandono dunha embarcación, en ningún caso pódese:

- a) Emitir unha chamada de socorro por fonia na canle 70 do VHF
- b) Emitir unha chamada de socorro por fonia na canle 16 do VHF
- c) Emitir unha Chamada Selectiva Dixital na canle 70 do VHF
- d) Pulsar o botón de "DISTRESS do VHF"



9. En relación co RESAR, indique a afirmación INCORRECTA.

- a) A súa activación pode ser manual ou automática segundo o modelo
- b) O seu sinal reflíctese na pantalla de radar por un único punto
- c) Funciona na banda de 9 Ghz e xerará un sinal de resposta nun RADAR de bande X doutro barco ou aeronave
- d) Para a súa activación manual débese quitar o pasador de bloqueo e poñer o interruptor na posición ON

10. Nunha situación de abandono da embarcación, estando xa a bordo da balsa salvavidas, achégase un helicóptero, cal das seguintes condutas NON é recomendable?

- a) Utilice un bote de fume para sinalar a súa posición, ademais resultará útil para que o helicóptero observe a dirección do vento
- b) Utilice un foguete con paracaídas para chamar a atención e que localicen a súa posición xa que un sinal alto será mellor percibida polas unidades aéreas
- c) Use o VHF portátil para guiar ao helicóptero usando a técnica das horas nun reloxo
- d) Utilice un espello de sinais para chamar a atención do helicóptero

U.T. 2: METEOROLOXÍA.

11. Cal é a principal orixe da formación de ondas?

- a) A sonda no momento.
- b) O efecto da lúa.
- c) O vento.
- d) As mareas.

12. O vento orixinado no continente europeo, que sopra do NE e que é característico das Illas Baleares denomínase:

- a) Gregal.
- b) Siroco.
- c) Lebeche.
- d) Mistral.

13. Nunha fronte ocluido frío:

- a) A temperatura da masa de aire fría que empuxa por detrás é máis fría que a masa de aire que vai por diante dela.
- b) A temperatura da masa de aire fría que empuxa por detrás é menos fría que a masa de aire que vai por diante dela.
- c) Na oclusión, o ascenso é espontáneo e implica condensación con gran extensión de nubes de todas clases e choivas.
- d) Prodúcese cando a masa de aire quente, que se traslada a maior velocidade que a fría, alcanza a leste e a forza a levarse.



14. Dacordo coa súa formación polo proceso de arrefriado, as néboas poden clasificarse principalmente como:
- Brumas, calimas e brétemas.
 - Espesas, regulares e moderadas.
 - De radiación, advección e orográficas.
 - De vapor, advección e frontais
15. Cal é a causa principal das correntes de densidade?
- A forza do vento sobre a superficie do océano.
 - A atracción gravitatoria da Lúa e o Sol.
 - A rotación da Terra sobre o seu propio eixo.
 - As diferenzas de temperatura e salinidade na auga.
16. Cal dos seguintes tipos de nubes clasifícanse segundo a súa altura como nubes altas?
- Altocúmulos.
 - Cirrocúmulos.
 - Estratocúmulos.
 - Estratos.
17. O vento xeostrófico é:
- O vento que se produce só polo gradiente de presión.
 - O vento que se produce só pola rotación terrestre.
 - O vento que se produce pola combinación do gradiente de presión e a rotación terrestre.
 - O vento real que se mide sobre a superficie terrestre.
18. A altura de onda (H) defínese como:
- A distancia vertical entre dúas cristas consecutivas.
 - A distancia vertical entre unha crista e un seo consecutivos.
 - A distancia vertical entre unha crista e un seo consecutivos, dividida entre dous.
 - A distancia entre a parte superior da onda e a súa crista.
19. Ao temporal súbito e violento con fortes refachos de vento do oeste ao noroeste que azouta as zonas do Mar Cantábrico e do Golfo de Vizcaya denomínaselle:
- Céfiros
 - Galerna
 - Cierzo
 - Vento do Norte



20. Enténdese por período da onda:

- a) Ao tempo, en segundos, que tardan dúas cristas sucesivas en pasar por un mesmo punto
- b) Ao tempo, en segundos, que tardan un seo e unha crista consecutivos en percorrer o fetch do vento que forma a onda
- c) Ao tempo, en segundos, que tarda unha crista en percorres dúas veces a distancia entre seos
- d) Ningunha resposta é correcta



GALEGO			
TITULACIÓN	EXAME TEÓRICO DE PATRÓN / PATROA DE IATE		
LUGAR EXAME		DATA	
NOME			
APELIDOS			
DNI / NIE / PASAPORTE			

DURACIÓN MÁXIMA DO EXAME	120 MINUTOS
DURACIÓN MÁXIMA DO EXAME DO MÓDULO DE NAVEGACIÓN	1 HORA 15 MINUTOS
DURACIÓN MÁXIMA DO EXAME DO MÓDULO XENÉRICO	45 MINUTOS

MÓDULO DE NAVEGACIÓN

Normativa segundo:

Real Decreto 875/2014, do 10 de Outubro, polo que se regulan as titulacións náuticas para o goberno das embarcacións de recreo.

Resolución en vigor da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, pola que se convocan exames extraordinarios ou ordinarios teóricos para a obtención das titulacións que habilitan para o goberno das embarcacións de recreo na Comunidade Autónoma de Galicia.

Temario de balizamento en base ao (IALA-MBS 2010)

Observacións: Más dunha resposta anula a pregunta e deben estar claramente sinalizadas na folla de respostas cunha X.

Exemplo a b c d

U.T. 3: TEORÍA DE NAVEGACIÓN.

21. O paralelo de latitude $l = 23^{\circ} 27'$ Norte, chámase:

- a) Trópico de Capricornio.
- b) Círculo Polar Ártico.
- c) Trópico de Cancro.
- d) Círculo Polar Antártico

22. Defínese a latitude como:

- a) O arco de paralelo contado desde o ecuador ao observador.
- b) O arco de meridiano contado desde o ecuador ata o observador.
- c) O arco de meridiano contado desde Greenwich ao observador.
- d) O ángulo do ecuador que vai desde Greenwich ata o meridiano superior de lugar.

23. Unha soa oposición sérvenos para:

- a) Achar a corrección total.
- b) É o mesmo que unha enfilación.
- c) Achar a declinación magnética.
- d) Situarnos.



24. Os fusos horarios que se utilizan para calcular a hora legal

- a) Abarcan $7,5^\circ$ a cada lado do seu meridiano central.
- b) Represéntanse coa letra H.
- c) Teñen signo negativo cando son lonxitude Oeste.
- d) Son as divisións da superficie terrestre.

25. As ENC-Oficiais son cartas:

- a) Raster.
- b) Printing.
- c) Vectoriais.
- d) Chart.

26. Para tomar unha demora co radar, a pantalla debe estar en modo:

- a) Norte arriba.
- b) Proa arriba.
- c) Rumbo arriba.
- d) É indistinto

27. O equipo que achega a seguinte información doutro buque: rumbo, velocidade, porto de destino, nome do buque, é o

- a) Radar.
- b) ECDIS.
- c) AIS.
- d) GPS.

28. É posible pasar a posición do GPS directamente á carta sen erro na situación?

- a) Se, en calquera caso.
- b) Sempre que a carta teña como datum o WGS 84.
- c) Sempre que a carta fose publicada por un instituto hidrográfico oficial.
- d) Non é posible.

29. Que significado ten ETA dentro dos termos relacionados co equipo GNSS:

- a) Anel de distancia.
- b) Persoa á auga.
- c) Hora estimada de chegada
- d) Punto de cambio de rumbo.

30. O axuste da ganancia nun Radar serve para:

- a) Sintonizar o receptor á frecuencia exacta do transmisor.
- b) Axustar a sensibilidade do receptor.
- c) Diminuír as interferencias con outros equipos radar.
- d) Diminuír as perturbacións.



U.T. 4: NAVEGACIÓN CARTA.

Observacións:

Quedarán anuladas as respostas da carta náutica se non están reflectidos os exercicios de cálculo no reverso da carta ou na folla e se non coinciden coa resolución correcta (gráfica e analítica) dos problemas.

31. Derrota loxodrómica. Resolución analítica:

Un iate encontrase no Ecuador e no meridiano $L_s = 040^\circ 15,4' W$, navega unha distancia de 190 millas ao rumbo de agulla (R_a°) = $N85^\circ W$, corrección total (C_t) = $05^\circ NE$, en zona de vento do Norte que abate (ab) = 10° . Calcular as coordenadas de chegada.

- a) $l' = 00^\circ 00,0'$ $L' = 037^\circ 05,4' W$
- b) $l' = 01^\circ 05,0' N$ $L' = 043^\circ 13,9' W$
- c) $l' = 01^\circ 05,0' S$ $L' = 043^\circ 13,9' W$
- d) $l' = 00^\circ 00,0'$ $L' = 043^\circ 25,4' W$

32. Derrota loxodrómica. Resolución analítica:

Coñecidas as situacións de saída e chegada.

Situación de saída: $l_s = 32^\circ 12,5' N$, $L_s = 016^\circ 54,0' W$

Situación de chegada: $l' = 30^\circ 48,5' N$, $L' = 018^\circ 57,4' W$

Calcular o rumbo directo (R_d) e distancia navegada (dn) entre ambas situacións.

- a) $R_d^\circ = 218,6^\circ$ $dn = 263,82'$
- b) $R_d^\circ = 215,0^\circ$ $dn = 240,00'$
- c) $R_d^\circ = 231,4^\circ$ $dn = 134,63'$
- d) $R_d^\circ = 235,7^\circ$ $dn = 149,28'$

33. O día 11 de Marzo, sendo hora oficial (Hof) = 12:00, un iate encontrase no porto de Sanxenxo, obtén sonda na carta (Sc) = 4,75 metros, a presión atmosférica é 1003 mb. Calcular a sonda no momento (Sm), coa táboa de marea adxunta.

- a) $Sm = 5,95$ metros.
- b) $Sm = 6,86$ metros.
- c) $Sm = 7,20$ metros.
- d) $Sm = 6,26$ metros.

34. No momento da primeira baixamar do día 11 de Marzo, un iate encontrase fondeado no porto de Sanxenxo nun lugar de sonda na carta (Sc) = 5,25 metros, a presión atmosférica é 1000 mb.

Calcular a que Hora oficial (Hof) terá unha sonda no momento (Sm) = 7,25 metros, coa táboa de marea adxunta.

- a) $Hof = 04:12$
- b) $Hof = 05:19$
- c) $Hof = 06:09$
- d) $Hof = 06:44$



35. Un iate ao ser Hrb = 09:30 navega a rumbo de agulla (Ra°) = 345° , desvío do compás (Δ) = 04° NW, declinación magnética (dm) = a calculada na carta para o ano 2026 e aproximada ao grado, cunha velocidade de máquinas de 10 nós e afectado por un vento de compoñente Oeste que lle abate 9° , observa demora de agulla do faro de Cbo. Espartel FI(4)20s30M = 060° . Ao ser Hrb = 10:00 observa demora de agulla do faro de Cbo. Espartel FI(4)20s30M = 100° ; pídese situación observada (S/o) a Hrb = 10:00.

- | | |
|----------------------------|--------------------------|
| a) lo = $35^\circ 48,5'$ N | Lo = $006^\circ 05,4'$ W |
| b) lo = $35^\circ 45,0'$ N | Lo = $006^\circ 00,2'$ W |
| c) lo = $35^\circ 50,0'$ N | Lo = $006^\circ 09,9'$ W |
| d) lo = $35^\circ 48,2'$ N | Lo = $006^\circ 04,2'$ W |

36. Sendo Hrb 09:00, un iate encontrase na situación $l = 36^\circ 02,4'$ N e $L = 006^\circ 00,0'$ W, está afectado por unha corrente de rumbo (Rc°) = 120° , intensidade horaria da corrente (lhc) = 2,4 nós, sopra un vento de levante (E) que lle abate 5° , decide poñer rumbo ao espigón do porto de Barbate FI.R.4s5M, a unha velocidade de máquinas de 8 nós, unha vez a rumbo a corrección total (Ct) = 05° NW. Pídese o rumbo de agulla ao que terá que navegar para chegar ao espigón do porto de Barbate.

- $Ra^\circ = 006^\circ$.
- $Ra^\circ = 016^\circ$.
- $Ra^\circ = 009^\circ$.
- $Ra^\circ = 000^\circ$.

37. Un iate encontrase en posición $ls = 35^\circ 45,0'$ N e $Ls = 006^\circ 10,0'$ W, navega a rumbo verdadeiro (Rv°) = Norte, cunha velocidade de máquinas (Vb) = 10 nós, en zona de corrente de rumbo (Rc°) = W e intensidade horaria da corrente (lhc) = 1,8 nós. Calcular o rumbo efectivo (Ref°) e velocidade efectiva (Vef).

- | | |
|----------------------------|------------------|
| a) $Ref^\circ = 336^\circ$ | $Vef = 12$ nós |
| b) $Ref^\circ = 350^\circ$ | $Vef = 10,2$ nós |
| c) $Ref^\circ = 342^\circ$ | $Vef = 10,6$ nós |
| d) $Ref^\circ = 020^\circ$ | $Vef = 11,8$ nós |

38. A Hrb 06:00 un iate encontrase na situación $l = 36^\circ 00,0'$ N e $L = 005^\circ 24,0'$ W, cunha velocidade de máquinas de 12 nós e navega a un rumbo de agulla (Ra°) = 249° , encontrase afectado por unha corrente de rumbo descoñecida. A Hrb 07:10, toma simultaneamente marcación (M) de Punta Alcazar FI(4)12s8M = 125° Br. e marcación (M) de Punta Malabata FI.5s22M = 065° Br., corrección total (Ct) = 06° NE. Calcular o rumbo de corrente e intensidade horaria da corrente (lhc).

- | | |
|---------------------------|------------------|
| a) $Rc^\circ = 299^\circ$ | $lhc = 2,0$ nós. |
| b) $Rc^\circ = 280^\circ$ | $lhc = 3,0$ nós. |
| c) $Rc^\circ = 245^\circ$ | $lhc = 2,0$ nós. |
| d) $Rc^\circ = 119^\circ$ | $lhc = 2,4$ nós. |



39. A Hrb 19:00, un iate encontrase en posición $l_s = 36^\circ 00,0' N$ e $L_s = 005^\circ 20,0' W$, da rumbo ao espigón da baía de Algeciras FI(2)R.6s8M, tendo en conta que durante a navegación vai a estar afectado dunha corrente de rumbo (Rc°) = 090° e intensidade horaria da corrente (Ihc) = 2 nós. Cal será a velocidade de máquinas (V_b) á que terá que navegar se quere chegar ao espigón da baía de Algeciras a Hrb = 19:50?

- a) $V_b = 10,1$ nós.
- b) $V_b = 12,1$ nós.
- c) $V_b = 13,0$ nós.
- d) $V_b = 11,5$ nós.

40. A Hrb = 12:00, un iate encontrase na situación $l = 36^\circ 11,6' N$ e $L = 006^\circ 14,6' W$, ponse a navegar a unha velocidade de máquinas (V_b) = 12 nós ao rumbo verdadeiro (Rv°) = $S20E^\circ$, en zona de corrente de rumbo (Rc°) = E e intensidade horaria da corrente (Ihc) = 3 nós. Cal será a Hrb de cruce có meridiano de $L = 006^\circ 00,0' W$?

- a) Hrb = 13 horas 13 minutos.
- b) Hrb = 12 horas 55 minutos.
- c) Hrb = 13 horas 58 minutos.
- d) Hrb = 13 horas 41 minutos.

CORRECCIÓN POR PRESIÓN ATMOSFÉRICA

PRESIÓN ATMOSFÉRICA		CORRECCIÓN A LA ALTURA PREVISTA
En milímetros	En milibares	
722	963	+0,50
726	968	+0,45
730	973	+0,40
734	978	+0,35
738	983	+0,30
741	988	+0,25
745	993	+0,20
749	998	+0,15
752	1003	+0,10
756	1008	+0,05
760	1013	—
764	1018	-0,05
768	1023	-0,10
771	1028	-0,15
775	1033	-0,20
779	1038	-0,25

TABLA CONVERSIÓN UNIDADES LONGITUD

Cms	Pulgadas	Metros	Pies	Metros	Brazas	Metros	Brazas	
	Cms		Pulgadas		Metros		Pies	Metros
2,54	1	0,39	0,30	1	3,28	1,83	1	0,55
5,08	2	0,79	0,61	2	6,56	3,66	2	1,09
7,62	3	1,18	0,91	3	9,84	5,49	3	1,64
10,16	4	1,57	1,22	4	13,12	7,32	4	2,19
12,70	5	1,97	1,52	5	16,40	9,14	5	2,73
15,24	6	2,36	1,83	6	19,69	10,97	6	3,28
17,78	7	2,76	2,13	7	22,97	12,80	7	3,83
20,32	8	3,15	2,44	8	26,25	14,63	8	4,37
22,86	9	3,54	2,74	9	29,53	16,46	9	4,92
25,40	10	3,94	3,05	10	32,81	18,29	10	5,47
50,80	20	7,87	6,10	20	65,62	36,58	20	10,94
76,20	30	11,81	9,14	30	98,43	54,86	30	16,40
101,60	40	15,75	12,19	40	131,23	73,15	40	21,87
127,00	50	19,69	15,24	50	164,04	91,44	50	27,34
152,40	60	23,62	18,29	60	196,85	109,73	60	32,81
177,80	70	27,56	21,34	70	229,66	128,02	70	38,28
203,20	80	31,50	24,38	80	262,47	146,30	80	43,74
228,60	90	35,43	27,43	90	295,28	164,59	90	49,21
254,00	100	39,37	30,48	100	328,08	182,88	100	54,68

TITULACIÓN / TITULACIÓN	PATRÓN/PATROA DE IATE PATRÓN/PATRONA DE YATE
LUGAR EXAME / LUGAR EXAMEN	
DATA EXAME / FECHA EXAMEN	CONVOCATORIA 11/03/2026
DNI / NIE / PASAPORTE	"PROVISIONAL"
NOME E APELIDOS / NOMBRE Y APELLIDOS	vigo.

DURACIÓN MÁXIMA DO EXAME / DURACIÓN MÁXIMA DEL EXAMEN	2 HORAS
DURACIÓN MÁXIMA DO EXAME DO MÓDULO DE NAVEGACIÓN DURACIÓN MÁXIMA DEL EXAMEN DEL MÓDULO DE NAVEGACIÓN	1 HORA 15 MINUTOS
DURACIÓN MÁXIMA DO EXAME DO MÓDULO XENÉRICO DURACIÓN MÁXIMA DEL EXAMEN DEL MÓDULO GENÉRICO	45 MINUTOS

SEGURODADE NA MAR /	1	A	<input checked="" type="checkbox"/>	B	<input type="checkbox"/>	C	<input type="checkbox"/>	D	<input type="checkbox"/>
	2	A	<input type="checkbox"/>	B	<input type="checkbox"/>	C	<input checked="" type="checkbox"/>	D	<input type="checkbox"/>
SEGURODADE EN LA MAR	3	A	<input type="checkbox"/>	B	<input checked="" type="checkbox"/>	C	<input type="checkbox"/>	D	<input type="checkbox"/>
	4	A	<input type="checkbox"/>	B	<input type="checkbox"/>	C	<input checked="" type="checkbox"/>	D	<input type="checkbox"/>
	5	A	<input type="checkbox"/>	B	<input type="checkbox"/>	C	<input checked="" type="checkbox"/>	D	<input type="checkbox"/>
	6	A	<input type="checkbox"/>	B	<input type="checkbox"/>	C	<input checked="" type="checkbox"/>	D	<input type="checkbox"/>
	7	A	<input type="checkbox"/>	B	<input type="checkbox"/>	C	<input checked="" type="checkbox"/>	D	<input type="checkbox"/>
	8	A	<input checked="" type="checkbox"/>	B	<input type="checkbox"/>	C	<input type="checkbox"/>	D	<input type="checkbox"/>
	9	A	<input type="checkbox"/>	B	<input checked="" type="checkbox"/>	C	<input type="checkbox"/>	D	<input type="checkbox"/>
	10	A	<input type="checkbox"/>	B	<input checked="" type="checkbox"/>	C	<input type="checkbox"/>	D	<input type="checkbox"/>

METEOROLOXÍA / METEOROLOXÍA	11	A	<input type="checkbox"/>	B	<input type="checkbox"/>	C	<input checked="" type="checkbox"/>	D	<input type="checkbox"/>
	12	A	<input checked="" type="checkbox"/>	B	<input type="checkbox"/>	C	<input type="checkbox"/>	D	<input type="checkbox"/>
	13	A	<input checked="" type="checkbox"/>	B	<input type="checkbox"/>	C	<input type="checkbox"/>	D	<input type="checkbox"/>
	14	A	<input type="checkbox"/>	B	<input type="checkbox"/>	C	<input checked="" type="checkbox"/>	D	<input type="checkbox"/>
	15	A	<input type="checkbox"/>	B	<input type="checkbox"/>	C	<input type="checkbox"/>	D	<input checked="" type="checkbox"/>
	16	A	<input type="checkbox"/>	B	<input checked="" type="checkbox"/>	C	<input type="checkbox"/>	D	<input type="checkbox"/>
	17	A	<input type="checkbox"/>	B	<input type="checkbox"/>	C	<input checked="" type="checkbox"/>	D	<input type="checkbox"/>
	18	A	<input type="checkbox"/>	B	<input checked="" type="checkbox"/>	C	<input type="checkbox"/>	D	<input type="checkbox"/>
	19	A	<input type="checkbox"/>	B	<input checked="" type="checkbox"/>	C	<input type="checkbox"/>	D	<input type="checkbox"/>
	20	A	<input checked="" type="checkbox"/>	B	<input type="checkbox"/>	C	<input type="checkbox"/>	D	<input type="checkbox"/>

TEORÍA NAVEGACIÓN /	21	A	<input type="checkbox"/>	B	<input type="checkbox"/>	C	<input checked="" type="checkbox"/>	D	<input type="checkbox"/>
	22	A	<input type="checkbox"/>	B	<input checked="" type="checkbox"/>	C	<input type="checkbox"/>	D	<input type="checkbox"/>
TEORÍA NAVEGACIÓN	23	A	<input checked="" type="checkbox"/>	B	<input type="checkbox"/>	C	<input type="checkbox"/>	D	<input type="checkbox"/>
	24	A	<input checked="" type="checkbox"/>	B	<input type="checkbox"/>	C	<input type="checkbox"/>	D	<input type="checkbox"/>
	25	A	<input type="checkbox"/>	B	<input type="checkbox"/>	C	<input checked="" type="checkbox"/>	D	<input type="checkbox"/>
	26	A	<input type="checkbox"/>	B	<input type="checkbox"/>	C	<input type="checkbox"/>	D	<input checked="" type="checkbox"/>
	27	A	<input type="checkbox"/>	B	<input type="checkbox"/>	C	<input checked="" type="checkbox"/>	D	<input type="checkbox"/>
	28	A	<input type="checkbox"/>	B	<input checked="" type="checkbox"/>	C	<input type="checkbox"/>	D	<input type="checkbox"/>
	29	A	<input type="checkbox"/>	B	<input type="checkbox"/>	C	<input checked="" type="checkbox"/>	D	<input type="checkbox"/>
	30	A	<input type="checkbox"/>	B	<input checked="" type="checkbox"/>	C	<input type="checkbox"/>	D	<input type="checkbox"/>

NAVEGACIÓN CARTA /	31	A	<input type="checkbox"/>	B	<input type="checkbox"/>	C	<input type="checkbox"/>	D	<input checked="" type="checkbox"/>
	32	A	<input type="checkbox"/>	B	<input type="checkbox"/>	C	<input checked="" type="checkbox"/>	D	<input type="checkbox"/>
NAVEGACIÓN CARTA	33	A	<input type="checkbox"/>	B	<input checked="" type="checkbox"/>	C	<input type="checkbox"/>	D	<input type="checkbox"/>
	34	A	<input type="checkbox"/>	B	<input checked="" type="checkbox"/>	C	<input type="checkbox"/>	D	<input type="checkbox"/>
	35	A	<input type="checkbox"/>	B	<input type="checkbox"/>	C	<input type="checkbox"/>	D	<input checked="" type="checkbox"/>
	36	A	<input type="checkbox"/>	B	<input checked="" type="checkbox"/>	C	<input type="checkbox"/>	D	<input type="checkbox"/>
	37	A	<input type="checkbox"/>	B	<input checked="" type="checkbox"/>	C	<input type="checkbox"/>	D	<input type="checkbox"/>
	38	A	<input checked="" type="checkbox"/>	B	<input type="checkbox"/>	C	<input type="checkbox"/>	D	<input type="checkbox"/>
	39	A	<input type="checkbox"/>	B	<input type="checkbox"/>	C	<input checked="" type="checkbox"/>	D	<input type="checkbox"/>
	40	A	<input type="checkbox"/>	B	<input type="checkbox"/>	C	<input type="checkbox"/>	D	<input checked="" type="checkbox"/>



Núm. mínimo de respostas correctas	28
Núm. máximo de erros permitidos	12
Núm. mínimo de respostas correctas na teoría navegación	5
Núm. máximo erros permitidos na teoría navegación	5
Núm. mínimo de respostas correctas na navegación carta	7
Núm. máximo erros permitidos na navegación carta	3

CORRECCIÓN POR MÓDULOS		
MÓDULO XENÉRICO / MÓDULO GENÉRICO		
Núm. máximo erros permitidos na seguridade na mar	5	
Núm. mínimo de respostas correctas na seguridade na mar	5	
Núm. máximo erros permitidos na meteoroloxía	5	
Núm. mínimo de respostas correctas na meteoroloxía	5	
MÓDULO NAVEGACIÓN / MÓDULO NAVEGACIÓN		
Núm. máximo erros permitidos na teoría navegación	5	
Núm. mínimo de respostas correctas na teoría navegación	5	
Núm. máximo erros permitidos na navegación carta	3	
Núm. mínimo de respostas correctas na navegación carta	7	

APTO / APTO	
APTO MÓDULO XENÉRICO / APTO MÓDULO GENÉRICO	
APTO MÓDULO DE NAVEGACIÓN / APTO MÓDULO DE NAVEGACIÓN	
NON APTO / NO APTO	

OBSERVACIÓNS: Quedarán anuladas as respostas da carta náutica se non están reflectidos os exercicios de cálculo no reverso da carta e se non coinciden coa resolución correcta (gráfica e analítica)
OBSERVACIONES: Quedarán anuladas las respuestas de la carta náutica si no están reflejados los ejercicios de cálculo en el reverso de la carta y si no coinciden con la resolución correcta (gráfica y analítica)

